

Que é o dereito natural?

“(…) Y como la condición del hombre es una condición de guerra de cada hombre contra cada hombre, en la que cada uno se gobierna según su propia razón y no hay nada de lo que no pueda hacer uso para ayudarse en la preservación de su vida contra sus enemigos, de ello se sigue que, en una condición así, cada hombre tiene derecho a todo, incluso a disponer del cuerpo de su prójimo. Y, por tanto, mientras dure este derecho natural de cada hombre sobre cada hombre, no puede haber seguridad para ninguno, por muy fuerte o sabio que sea, ni garantía de que pueda vivir el tiempo al que los hombres están ordinariamente destinados por naturaleza.”

(Thomas Hobbes, Capítulo 14, *Leviatán*)

A natureza do ser humano é egoísta, conflitiva, belicosa. No estado de natureza, no que non hai leis, nin poder institucionalizado, é dicir, non está organizado en ningún tipo de institución, todo ser humano ten poder, e polo tanto, dereito a usar as súas capacidades psíquicas (astucia, engano) e físicas (forza) para reclamar o que desexe. É dicir, todo ser humano ten dereito a todo, pode facer uso de todas as súas capacidades, físicas e psíquicas, para os seus fins. Isto é o que quere dicir Hobbes con dereito natural.

Mentres dure o dereito natural do home sobre o home, é dicir, o dereito de todos a todo, non pode haber seguridade para ningún, atopámonos nese estado de guerra do que fala Hobbes.

Este dereito natural non pode durar moito, os seres humanos no viven vidas nin longas nin agradables. O seu raciocinio, o uso da razón, lévaos a elaborar as leis da natureza que buscan lograr a paz.

Pero para que estas leis se cumpran, fai falta que un poder común que os governe. O poder común confórmase a través dun pacto voluntario entre individuos, que ceden o seu dereito natural, ou sexa, o seu dereito ou poder que antes tiñan a usar a forza para conseguir os seus fins, para conseguir a paz e a seguridade.

Segundo Hobbes, o poder común ten que residir nunha única persoa, o monarca, que ten poder absoluto. Defende a monarquía absoluta.

En definitiva, o dereito natural é o poder/dereito que teñen os homes no estado de natureza de utilizar todas o que teña a man (forza, astucia, engano, violencia) para conseguir os seus fins/obxectivos/desexos e a autoconservación. Este dereito natural desaparece tras o contrato social, é dicir, a cesión dese poder a unha persoa (o monarca absoluto) para garantir a paz e a supervivencia das persoas.